

Criterios de cualificación e recuperación

Para superar a materia de francés é necesario aprobar o terceiro trimestre.
A nota final da materia de francés será igual á do terceiro trimestre.

Probas:

Faranse probas escritas, unha ou dúas por trimestre, ditas probas poderán ser recuperadas antes da avaliación nunha proba que en caso de ser superada equivalería a un 5 na parte escrita. A proba consistirá de varias preguntas, entre 8 e 10, avaliarase a comprensión lectora, gramática, produción de textos sinxelos...

Faranse así mesmo probas de comprensión oral (unha ou dúas por trimestre) que poden ser incluídas dentro da proba escrita. A proba consistirá na escoita dunha gravación respondendo a unhas preguntas por escrito.

Realizarase como mínimo unha proba de produción e comprensión oral e de lectura por trimestre. Dita proba poderá ser recuperada antes da avaliación, en caso de superar a proba, a nota da parte oral será de 5.

Actitude:

Valorarase a actitude e o hábito de traballo e esforzo mediante a participación do alumno na clase, a realización regular e a calidade das actividades . Valorarase así mesmo a actitude cívica do alumno na clase, na súa relación cos compañeiros e co profesor.

Porcentaxes:

As probas escritas e de comprensión oral supoñerán ata un máximo do 50% da nota da avaliación.

As probas orais supoñerán ata un máximo do 50% da nota da avaliación.

A actitude e observación poderá supoñer ata 10% na nota da avaliación e estará integrada nas diferentes probas escritas e orais.